



**ACTA DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DA FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO QUE TIVO LUGAR DE FORMA PRESENCIAL E TELEMÁTICA, O DÍA 16 DE NOVEMBRO DE 2024.**

**Acta n.º 40**

ASISTENTES:

**PRESIDENTE DA FGM**

López Sánchez, Alejandro

**SECRETARIO XERAL DA FGM**

González Iglesias, Carlos (non asiste, substituído por Marta Trueba Gayol como secretaria accidental)

**TESOUREIRA DA FGM**

Trueba Gayol, Marta

**CLUBS**

Agrupación de Montaña e Escalada Bestarruza  
Agrupación Montañeiros Independientes (AMI)  
Asociación Cans Deportistas  
Aviva Sport Club  
Club A.D.T.L. A Pedrosa  
Club Aromon Pontevedra Montañeiros A Roelo  
Club Atletismo Sada  
Club de Montaña Airiños  
Club de Montaña Vértice  
Club de Montañismo Montañas de Trevinca  
Club de Sendeirismo Trabandainas  
Club Montaña Ferrol  
Club Montañeiros Celtas  
Club Peña Trevinca Montañeiros de Galicia  
Club Rutas a pié  
Club de Montaña Xistra  
GMTA&Chuvoners  
Grupo de Montaña Alud  
Sección de Montaña C.A.R. Marisqueiro  
Sociedad Montaña Artabros  
Asociación Escaladores Ourensans (ASESOU)

**DEPORTISTAS/TÉCNICOS/ARBITROS**

Ignacio Rodríguez Pequeño  
Miguel Bernárdez Martínez  
Blanca García Domínguez  
Helga Lages Vidal  
María del Pilar Vázquez Fariña  
Gustavo Vázquez Fariña  
Raúl Leiros Gutiérrez  
Miguel Seoane Álvarez  
Alfonso Böck Villalva  
Xosé Lois Freixeiro López  
David Pérez Araújo  
Fernando Fernández Rey



### 1. Saúdo e benvinda do presidente.

O presidente da FGM Alejandro López Sánchez, ás 10.30 h comeza a reunión, en segunda convocatoria, agradecendo a asistencia, presencial ou telemática, a todas as persoas e clubs participantes.

Modifícase a orde do día, eliminando o punto 8, e modificando a orde dos puntos 6 e 7, este último a proposta de José Gil.

### 2. Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior da Asemblea Xeral da FGM.

A referida acta é a número 36 da reunión da Asemblea Xeral Extraordinaria da FGM que tivo lugar de xeito presencial e telemático o 13 de xullo de 2024.

Non hai intervencións, procédese a votación: 1 abstención, 0 votos en contra, o resto votos a favor. Queda aprobada por maioría.

### 3. Informe do presidente da FGM.

O presidente toma a palabra e pasa a sinalar os aspectos mais destacados dende a última asemblea, en concreto:

- Xunta Directiva: informa da baixa do secretario, que tiña adquirido un compromiso de pertenza a xunta directiva e colaboración ata o día seguinte a esta asemblea xeral, dándolle as grazas polo seu apoio e incansable traballo este mes. En días próximos se informará do nome do substituto/a e do novo vocal de barranquismo.
- Oficina: contratación. Se informa da incorporación a final de mes do terceiro traballador da FGM, a tempo parcial, tal e como se fixara na asemblea anterior.
- Convenios: INEF, REAJ, AON, Turismo G. y Castela León. Se informa dos convenios asinados ou por asinar. O custo do convenio do REAJ (aprox. 2.800 euros/ano) sufragaráse directamente pola FGM contra a partida de patrocinios, polo que non afecta as licenzas.
- Horarios. Informase dos horarios en agosto 2024 e do estudo da súa viabilidade en 2025.
- Seguros: RC clubs, licencia. Informase do estado dos seguros da FGM: renovase o seguro de directivos e renovase o seguro de RC para clubs estando aberto o prazo para subscribilo.
- Modificación automatización playoff (LOPD, certificados, etc.). Informase da implementación de sistema automatizado na tramitación de licenzas, inscricións, etc. Para favorecer a política de protección de datos, e o sistema de obtención de certificados.
- Renovación RRSS. Informase da xestión das RRSS, agradecendo que polos clubs se etiqüete a FGM en todas as actividades oficiais.
- Regulamentos internos: disciplina, medioambiente, comités. Informase da próxima modificación de regulamentos e novos regulamentos, dos que se dará conta en comisión delegada ou na próxima asemblea.
- Plataforma reserva refuxios. Informase do novo sistema de reservas online de refuxios que comezará a funcionar a mediados de decembro, e da posibilidade de cambiar a pechadura por unha pechadura de código para evitar os problemas coa chave.

A continuación informase sobre aspectos da sección social:

- Medioambiente: estanse tendo reunións con grupos parlamentarios co fin de estudar o futuro das actividades deportivas no medio natural.
- Reunión pendente Secretaria Xeral: alto rendemento + decreto actividades deportivas.
- Estado convenio sendeiros. Informase de que en xaneiro firmaráse o convenio.
- Inclusión – paraescalada xa nas competicións de escalada.
- AVAD – estudos e proxectos pilotos. Continuamos coa actividade coa presenza en xornadas sobre petrocoptis en Leon e contactos coa administración.



- Proxecto corresponsables. Levouse a cabo por 7 clubs con resultado satisfactorio.
- Estado refuxios. Segue cerrada a Seara mentres non se acometan as obras. Instalarase unha pechadura con código en Torrebarrio e estudarase de facelo no resto para complementar a plataforma online de reservas.
- Gala FGM – febreiro ou marzo.
- FEDME: eleccións – Hai que defender a galegidade e pelexar polo uso dos refuxios, convenio integración (financiación FFAA), competición e alto rendemento.
- Informase da colaboración da FGM en proxectos de especial relevancia dos clubs, animase aos clubs a participar enviando proxectos (ciclos cine, alpinismo, etc.)
- Medioambiente: certificacións, homoxeneización contidos formativos, dinamizadores ambientais clubs, son algunha das ideas nas que se está traballando.

Explicase a situación na sección deportiva:

- Marcha nórdica – actividades divulgativas e realización dos campionatos en 2024 según o previsto.
- Escalada – Desenrolouse o calendario con normalidade. Para o 2025 prevense competicións oficiais + copas escolares provinciais
- CXM – competicións oficiais en 2024 según o previsto.
- Cursos árbitros – minimizar costes gracias a ter árbitros en cada núcleo grande poboación.
- Cursos routsetters. Realizouse un novo curso, para ter técnicos en cada núcleo grande de poboación.
- ENAG – novo equipo para 2025.
- Patrocinios. Perdéronse algúns patrocinios en 2024 (Husqwarna).
- Regulamentos 2025. Pretendese aprobar os regulamentos de competición antes de que comece a tempada.
- Convenios 2025 – DAN (probas esforzo, etc.). Prevense convenios neste sentido.
- Apoio seleccións: monográficos, tecnificación, etc.

Intervencións posteriores:

- David Pérez Araujo comenta que sería bo que se estableceran convenios con institucións que teñan rocódromos para poder úsalos para actividades FGM.
- José Gil solicita se incorporen as clasificacións na web en cada sección (se está traballando niso). Solicita un novo sistema de micrófonos para as asembleas (Felipe de Club deportivo SADA quere deixar constancia que dende a casa se escoita moi pouco).

#### **4. Informe do director técnico**

O director técnico toma a palabra e pasa a sinalar os aspectos mais destacados deste último ano, facendo especial fincapé nos nosos deportistas mais laureados en escalada, MN, CXM e nas actividades do Equipo de alpinismo ENAG. Faise especial mención a liga de andainas con excelentes resultados e a MN.

Intervencións posteriores:

Por parte dunha asembleísta propónse destacar todavía mais os resultados dos andaríns.

David Pérez Araujo propón estar encima de futuras construcións de rocódromos para que estes sexan homologados para competir.

José Gil propón que se etiqüete as actividades de Andainas á FGM nas RRSS.



## **5. Aprobación se procede da tarifa de licencias**

O vicepresidente Fernando Fernández Rey toma a palabra para explicar as novidades mais importantes nas tarifas de licencias, destacando que este ano se levou o peso da negociación dende a FGM existindo un mercado moi pechado en aseguradoras (Mapfre pecha o mercado, GENERALI tamén, polo que solo quedan Helvetia e ALLIANZ). Allianz foi a única que cotizou e as rebaixas fanse con cargo a custe do seguro.

Se introduce a licenza A (AU), para actividades de sendeirismo e andainas principalmente e se fan rebaixas salvo nos grupos de mais siniestrabilidade.

O resto da información consta na documentación remitida aos assembleístas, polo que se remite a ela. O vice-presidente sinala que (en contestación a Roberto Carril por unhas dúbidas presentadas durante estes días) a FGM non actúa como mediador de seguros polo que, ademais de non ter ofertas para iso, non existe a posibilidade de ter 3 ofertas, xa que o mercado esta pechado e non hai ofertas, a pesar de ter comunicación e solicitar cotización a MAPFRE e GENERALI.

Intervencións posteriores:

José Gil propón que o segmento de idade novo (de 18 a 25) se estudie aumentalo con datos reais sobre siniestrabilidade e ver se se pode subir a 27 ou 28 anos. Tamén fai un agradecemento a anterior xunta directiva grazas a cal temos os datos de siniestrabilidade. A Xunta directiva se suma publicamente o agradecemento.

Lois Faro propón que se informe dos partes de sinistros os clubs para evitar que xente de baixa siga facendo actividades.

David Pérez Araujo propón estudar os rocos para evitar uso fraudulento das licencias. Tamén propón diferenciar por licencias de estamentos.

Ignacio Pequeno propón regular o uso do seguro de día para evitar uso fraudulento deste seguro.

Procedese a votación: se aproban as tarifas de licencias 2025 por UNANIMIDADE.

## **6. Aprobación se procede do calendario**

Presentase o calendario 2025, sinalando que non se inclúen as actividades de CXM por non estar finalizado o prazo para os clubs, para solicitar organización de probas.

Aprobase polos presentes a proposta de Lois Faro, aprobar o resto de calendario e deixar o de CXM para aprobar en Comisión Delegada de forma urxente en canto se dispoña de él.

Intervencións posteriores:

Solicítase por varios clubs, modificar o nome das probas escolares provinciais. Igualmente, sacar a Manzaneda do calendario oficial de probas de escalada deixándoo como open ou similar. Se acepta.

Corríxense os erros na data de escalada de Montañeiros Celtas. Se acepta.

Por José Gil propónse adaptar o calendario MN ao calendario FEDME. Xa está adecuado.

Procedese a votación: Votos en contra 0, Abstencións 2. Se aproba o calendario por MAIORÍA.



## 7. Aprobación se procede do proxecto de orzamentos

Pola Tesoureira, Marta Trueba, se presenta o proxecto de orzamentos. Como todo o mundo o ten dende hai días, se somete a debate calquera punto discordante, dando paso os asembleístas.

- Introdúcense as modificacións propostas en Comisión Delegada por Javier Aradas, segundo consta nas actas da comisión delegada e se verifican que os datos sobre os que existían dubidas son correctos: Intereses conta bancaria - Gastos Turgalicia - patrocinio de Aon - incluídos nos gastos EGAM as contratacións de técnico.

- José Gil propón facer un análise comparativo segundo criterios contables técnicos. Se estudiará facelo para que non resulte complicado de entender para todo o mundo.

Propóñese tratar de rebaixar gastos de refuxios e convenios con concellos para exencións IBI e lixo.

Por Águeda (AROMON) se consideran baixos os gastos de competicións escolares provinciais. Non se modifica, se entende que están adaptados os de este ano 2024.

Procedese a votación: Votos en contra 1, Abstencións 0. Se aproba o orzamento por MAIORÍA.

## 8. Aprobación, se procede, das dietas oficiais FGM

Polo presidente expoñen a proposta de tarifas de dietas e taxas, e se convida a Dona Katia Sanz a que explique a proposta de EGAM. A directora da EGAM en representación da escola propón limitar o salario de terceiros colaboradores alleos a FGM. Polo presidente se di que isto limitaría contar con profesionais de recoñecido prestixio e non podemos limitar os seus honorarios. A Tesoureira, Marta Trueba, propón una solución alternativa, excluindo a este profesionais das dietas oficiais FGM, pero estudiando os seus honorarios en función de cada situación, curso e orzamento e sempre previo consenso do vocal e da directora EGAM.

Ábrese un debate a favor dunha ou outra postura (participan con diversas posturas, online ou presencial) polo que se procede a votar, en primeiro lugar se se opta polo sistema EGAM ou polo sistema proposto. Se aproba por maioría dos presentes o sistema proposto de non limitar os salarios dos terceiros alleos a FGM coas salvedades sinaladas por Marta Trueba.

Coa modificación introducida votase: Votos en contra 3, abstencións 0. Se aproban as tarifas por MAIORIA.

## 9. Rogos e preguntas.

Non hai.

Sen mais asuntos que tratar, dáse por rematada a reunión, sendo as 14:50 horas.

Asinado,  
O Secretario Xeral da FGM  
Carlos González Iglesias

Visto e prace,  
O Presidenta da FGM  
Alejandro López Sánchez